



## Concello de Sarria

**ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA IV EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO E DECORACIÓN DE BÓLAS DE NADAL 2023.**

**REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA IV EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO E DECORACIÓN DE BÓLAS DE NADAL 2023.**

**PARTICIPANTES:**

Poderán participar todas as persoas residentes no Concello de Sarria de entre 3 e 18 anos.

**CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS:**

1. Deberán de estar decoradas con marcado carácter do Nadal.
2. Os traballos presentados deberán ser orixinais, debendo ser confeccionados polos concursantes.
3. A elaboración será libre, podendo usar calquera método ou técnica e calquera tipo de material ou elemento decorativo, incluíndo material de refugallo ou produto da propia natureza; respectando sempre o formato dunha bóla ou adorno de Nadal.
4. Terán que ser presentadas cun lazo, corda ou calquera outro mecanismo que permita a súa colocación.

**MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN.**

A participación farase de forma individual, tendo que ser firmada a inscrición polo pai, a nai ou titor ou titora legal de cada un dos participantes.

**INSCRICIÓN.**

Presentación, lugar e data de inscrición:

A inscrición é gratuíta e formalizárase na Biblioteca Pública Municipal de Sarria “Camilo Gonsar”, entregando a bola dentro dunha caixa, bolsa ou recipiente similar cerrado, xunto co formulario de inscrición (anexo I) adxunto a estas bases, debidamente cumprimentado.

Tanto as bólas como as inscricións entregaranse ente os días 12 e 22 de decembro de 2023 (ambos incluídos) en horario de 9:30h a 13:30h e de 16:00h a 20:30h na biblioteca.

As bases do concurso e o formulario de inscrición tamén poderán ser descargados na páxina web oficial do Concello de Sarria [www.sarria.es](http://www.sarria.es). e na sede electrónica:

<https://sarria.sedelectronica.es>





## Concello de Sarria

---

### ACEPTACIÓN DAS BASES:

Tódolos participantes no concurso, polo simple feito de participar, aceptan as bases desta promoción e as normas que rexen a súa participación. O Concello adquire os dereitos de reprodución e exposición das obras presentadas, as cales serán colocadas nas árbores de nadal situadas no interior dos edificios municipais onde estarán expostas.

### PREMIOS:

Establécense os seguintes premios, repartidos en tres categorías:

#### 1ª CATEGORÍA: DE 3 ATA 6 ANOS

- 1º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 250 euros.
- 2º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 200 euros.
- 3º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 100 euros.

#### 2ª CATEGORÍA: DE 7 ATA 12 ANOS

- 1º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 250 euros.
- 2º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 200 euros.
- 3º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 100 euros.

#### 3ª CATEGORÍA: DE 13 ATA 18 ANOS

- 1º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 250 euros.
- 2º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 200 euros.
- 3º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 100 euros.

As tarxetas regalo soamente poder ser utilizadas en establecementos do Municipio de Sarria.

### XURADO E VALORACIÓN:

O xurado que designe as obras gañadoras estará formado por persoas con coñecementos artísticos.

Na selección de traballos presentados valorarase positivamente a orixinalidade, a innovación, o deseño, a calidade da obra, a transformación de materiais e a dificultade na elaboración, así como a estética do conxunto.





## Concello de Sarria

---

### COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES:

Chamarase telefónicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido e a forma e data da entrega. Publicarase o nome dos premiados na páxina web do Concello e nas redes sociais.

### OUTROS :

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente polo Concelleiro Delegado.

